



Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

Procedemento:
Código SIA:
Expediente: 860/2020
Trámite: Resolución. Decreto de Alcaldía

DECRETO

Por parte das autoridades sanitarias se ven dando instrucións xerais para que como cidadáns adoptemos condutas preventivas que eviten na medida do posible a propagación do covid-19

Con tal finalidade dende o concello remitiuse aos/ás empregados públicos un cadro de actuacións e información básica a aplicar no centro de traballo.

Co ánimo de seguir mantendo unha actitude responsable que permita garantir un adecuado equilibrio entre a continuidade no funcionamento dos servizos municipais e a seguridade e saúde dos empregados e empregadas públicas, é necesario marcar unha serie de pautas e criterios a aplicar en cada servizo e departamento.

Con data 10 de marzo de 2020 dende o Ministerio de Política Territorial e Función Pública aprobouse un cadro de medidas que coa necesaria adaptación ás características da nosa organización e como punto de referencia, foron elevadas á consideración da Mesa Xeral de Negociación, dando cumprimento ao establecido na normativa aplicable en materia de función pública (artigos 14 e 54 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e correlativos da Le 2/2015, de emprego público de Galicia)

En atención ao exposto e sen prexuízo dos reaxustes que sexa necesario aplicar en función da evolución das circunstancias e información/instrucións das autoridades sanitarias, ao abeiro do establecido no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ao que remite o art. 116 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro; no art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, DECRETO :

Primeiro.- Avogar a competencia da Alcaldía como órgano competente segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de 21 de xuño de 2019, para aprobar un cadro de medidas e normas de actuación a aplicar nos diferentes servizos e departamentos en materia de seguridade e saúde ante o covid-19

Segundo: Aprobar o seguinte cadro de medidas e normas de actuación a aplicar nos diferentes servizos e departamentos en materia de seguridade e saúde ante o covid-19:

1º.Medidas polo peche de centros educativos ou de maiores. Para o persoal ao servizo do



concello de Poio que teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e véxase afectado polo peche de centros educativos ou de maiores, serán de aplicación as seguintes medidas, polo tempo que as autoridades competentes determinen e de acordo coas instrucións dos seus respectivos órganos de persoal:

a) Flexibilización da xornada laboral sen suxeición aos límites previstos na Resolución do 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos.

b) No caso de que sexa imprescindible, permitirase a permanencia do persoal no seu domicilio, tendo a consideración de deber inescusable de conformidade co disposto no artigo 48 j) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

c) No caso de que ambos os proxenitores ou responsables do maior dependente teñan a condición de persoal ao servizo do concello de Poio non poderán gozar destas medidas simultaneamente.

2º. Atención ao público. Nos servizos de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática. Para o caso de atención presencial, estableceranse as quendas imprescindibles para garantir a prestación do servizo.

3º. Reunións. Na medida do posible evítaranse as reunións de traballo, dispoñéndose en todo caso a suspensión daquelas que impliquen desprazamentos a outra localidade. Así mesmo fomentárase o uso da videoconferencia.

4º. Cursos e actividades formativas. Os servizos responsables da organización de cursos e actividades formativas de carácter presencial pospoñerán os mesmos, valorándose a utilización de medios telemáticos como alternativa, cando iso resulte posible.

5º. Viaxes. Recoméndase pospoñer todas aquelas viaxes de traballo que non sexan imprescindibles para a normal prestación de servizos esenciais.

6º. Modalidades non presenciais de traballo. Coa debida xustificación, permitirase modalidades non presenciais de traballo, previa autorización dos titulares dos departamentos e da concellería de Persoal, co obxectivo de garantir a prestación dos servizos públicos.

Terceiro.- No prazo das 48 horas seguintes á recepción do presente Protocolo deberase remitir ao servizo de Persoal por cada Departamento un cadro comprensivo das medidas propostas a autorización da concellería de persoal

Cuarto.- Solicitar da veciñanza, polo tempo imprescindible, en tanto son se supere a actual situación, a colaboración necesaria para que proceda a substituír a presenza física polo uso de medios electrónicos e telefónicos para realizar consultas e xestións no concello.





Praza do Mosteiro, 1, 36995 Poio
Telf.: 986 770 001 - Fax: 986 771 277
www.concellopoio.com

CONCELLO DE POIO
(Pontevedra)

Quinto.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que se realice.

Poio, asinado dixitalmente á marxe

O alcalde

Para os efectos de fe pública
A secretaria

Luciano Sobral Fernández

Paula E. Ramos Díaz

